



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

REGULAMENTO REGULADOR DO
"REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS"

PREÁMBULO

Existindo na actualidade, neste Termo municipal, un variado número de Asociacións, con finalidades, na maioría dos casos, que son comúns ás actividades de tipo cultural, deportivo, etc. que este Concello ven realizando e sendo desexo do Goberno Municipal que exista unha coordinación entre as Delegacións de Cultura, Educación, Deportes, Festexos e Benestar Social e as Asociacións nas que os seus fins son similares, na planificación de actividades e dotación orzamentarias, considérase necesario o crear un Rexistro Municipal de Asociacións, que se regule mediante unha normativa que faga viable os obxectivos antes sinalados, e para iso establécese o seguinte Regulamento Regulador do Rexistro Municipal de Asociacións.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.

Créase o Rexistro Municipal de Asociacións que se rexerá polo disposto no presente Regulamento e, en todo caso, estarase ó disposto na Lei de Asociacións e demais normas de carácter xeral aplicables.

Artigo 2º.

O Rexistro Municipal de Asociacións ten por finalidade exclusiva a de ser instrumento útil ó servizo da participación e colaboración da sociedade na actividade municipal.

DOS LIBROS DE REXISTRO E DOCUMENTACIÓN

Artigo 3º.

1.- O Rexistro comprende un Libro de carácter xeral, segundo modelo que figura no Anexo I, e cinco especiais dedicados, respectivamente, a Asociacións Culturais, Deportivas, Xuvenís, Ecolóxicas e de Benestar Social.

2.- Para cada Asociación abrírase unha carpeta-expediente, na que figurará todo o relacionado coa Asociación.

DAS ASOCIACIÓNS REXISTRABLES

Artigo 4º.

1.- Poden solicitar o seu acceso ó Rexistro tódalas Asociacións nas que o seu obxecto social coincida con algunha das áreas que dispoñen de Libro Especial no Rexistro, e que en ningún caso persigan fins que non sexan do ben social común e xeral, no seu sentido máis amplo.

2.- Así mesmo, han de reuni-los requisitos seguintes:

- a) Ter o seu domicilio social en Riveira.
- b) Estar integradas, na súa maioría, por socios veciños de Riveira.
- c) Ter o seu ámbito de actuación integrado basicamente no Termo municipal de Riveira.

Artigo 5º.

Non terán acceso ó Rexistro, Asociacións políticas, sindicais ou empresariais que teñen as súas propias vías de colaboración e participación.

DA INSCRICIÓN

Artigo 6º.

A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións realizarase por Decreto da Alcaldía, a solicitude da Asociación interesada.



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Artigo 7º.

1.- Coa solicitude de inscrición presentarase a seguinte documentación:

- a) Estatutos da Asociación.
- b) Relación de integrantes da súa Directiva e cargos que ostentan.
- c) Número de socios e indicación da porcentaxe de residentes en Riveira.
- d) Domicilio social.

2.- Será requisito indispensable a notificación de calquera cambio na Directiva, domicilio social, estatutos da Asociación e calquera outro que teña relevancia relativa á Asociación e ós seus fins.

Artigo 8º.

Na solicitude de inscrición indicarse, de acordo co obxecto social previsto nos Estatutos, en qué Libro Especial se interesa a inscrición. Cada Asociación deberá inscribirse como mínimo nun Libro Especial e poderá facelo e todos aqueles nos que o seu ámbito de actuación coincida co obxecto social previsto nos seus Estatutos.

DOS EFECTOS DA INSCRICIÓN

Artigo 9º.

A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións supón o recoñecemento como Asociación de Utilidade Municipal.

Artigo 10º.

A inscrición confire ás Asociacións rexistradas o carácter de entidades colaboradoras do Concello de Riveira e, conseguintemente, terán acceso a:

- a) Participar nos Consellos Municipais correspondentes a cada unha das áreas obxectos de Libro Especial.
- b) Establecer fórmulas de cooperación co Concello, no ámbito da mutua formación, organización de actividades comúns ou de interese, etc.

Artigo 11º.

O Concello consignará nos Orzamentos Xerais de gastos as cantidades que crea conveniente para cooperación e axuda a tales asociacións.

Artigo 12º.

1.- Será obrigatorio que cada Asociación presente durante o terceiro trimestre de cada ano un programa de actuación para o ano seguinte, co fin de poder presuportar o Concello a cantidade destinadas a tales conceptos.

2.- Así mesmo, é condición obrigatoria a presentación, ó remate de cada ano natural, dunha memoria na que se reflexen actividades realizadas durante o dito ano.

DA BAIXA DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Artigo 13º.

Daranse de baixa do Rexistro Municipal de Asociacións aquelas entidades que se disolveran, non realicen actividade ningunha, non fixeren uso dos dereitos recoñecidos no artigo 10º do presente Regulamento ou non comunicaren, cando lle for solicitado, a nova composición dos seus órganos de dirección.

DISPOSICION ADICIONAL

O Alcalde dictará as resolucións necesarias para o ordenado desenvolvemente das previsións contidas no presente Regulamento.